

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I0VB	<i>Expediente</i> CON/4/2018	<i>Fecha</i> 18-05-18 11:41

Número 7 .- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do expediente do "Servizo de redacción de proxecto básico e executivo e de redacción de proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da Reurbanización da Rúa de Clara Campoamor. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

Destinatario

15078DCMG12I0VBX



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 18 de maio de 2018 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 7 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DO "SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO BÁSICO E EXECUTIVO E DE REDACCIÓN DE PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE, DIRECCIÓN FACULTATIVA SUPERIOR E MEDIA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA REURBANIZACIÓN DA RÚA DE CLARA CAMPOAMOR. FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020"; APROBACIÓN DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 15 de maio de 2018, do concelleiro delegado Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade. Así mesmo, do informe con advertencias e observacións de Intervención, número 2018/222 de data 15.5.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Duarte Vázquez, concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade e relacións veciñais, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1210VB	<i>Expediente</i> CON/4/2018	<i>Fecha</i> 18-05-18 11:41

1. Con data 15 de xaneiro de 2018, o xefe de servizo de planeamento emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade para a contratación do servizo de redacción de proxecto básico e executivo e de redacción de proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da reurbanización da rúa de Clara Campoamor. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020.

2. Con data 1 de febreiro de 2018, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria.

3. Coa mesma data, a concelleira delegada de economía, facenda e administración resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente o 15 de maio, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da LCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I0VB	CON/4/2018	18-05-18 11:41

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Servizo de redacción de proxecto básico e executivo e de redacción de proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da reurbanización da rúa de Clara Campoamor. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **100.000 euros IVE** aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 21.000 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **030 15321 60900 2017-2-EDUSI-8**, tramitándose como expediente anticipado de gasto, ó abeiro do disposto na D.A.3. da LCSP, e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no correspondente exercicio orzamentario, de acordo co seguinte desglose:

Anualidade 2018: 72.600 euros.
Anualidade 2019: 48.400 euros.

Dito importe está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado "Servizo de redacción de proxecto básico e executivo e de redacción de proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde da reurbanización da rúa de Clara Campoamor. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020", así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1210VB	<i>Expediente</i> CON/4/2018	<i>Fecha</i> 18-05-18 11:41

simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 100.000 euros, IVE aparte.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 21.000 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 030 15321 60900 2017-2-EDUSI-8, tramitándose como expediente anticipado de gasto, ao abeiro do disposto na D.A.3. da LCSP, e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no correspondente exercicio orzamentario, de conformidade co seguinte desglose:

Anualidade 2018: 72.600 euros.

Anualidade 2019: 48.400 euros.

Dito importe está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020.

A CONCELLEIRA-SECRETARÍA SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA
CIDADE DE SANTIAGO

ASDO/MARÍA ROZAS PÉREZ

CONCELLO DE
SANTIAGO